



## **DESPEDIMENTOS E PAROS EN TELEFONICA**

Desde agosto de 2005, 10 compañeiros de Telefónica teñen sobre as súas cabezas unha dramática ameaza que se concreta nunha carta de despedimento. A efectividade do despedimento está vinculada á sentenza do xuízo, que despois de varios aprazamentos, está previsto para o vindeiro 25 de abril na Audiencia Nacional.

O “delito” destes compañeiros foi formar parte dos comités das folgas de PNP e GMO e participar nelas, despois de que Telefónica unilateralmente as declarase ilegais, sen que en tal sentido se tivese pronunciado ningún órgano xudicial ou administrativo.

O feito é de suma gravidade porque supón un intento da empresa de limitar un dereito constitucional. O obxectivo da Empresa sería evitar que se prodigarán as reivindicacións e as mobilizacións “incontroladas” contra o seu modelo de empresa. Tenta someter non só os convocantes daquelas folgas senón a todo o cadro de persoal. ¿Por que? Pois sinxelamente porque non é fácil avanzar na “transformación da empresa” e na desregulación das nosas condicións laborais co galiñeiro revoltos, cos traballadores mobilizándose en contra dos recortes de dereitos que está a levar a cabo para conseguir esa transformación.

O primeiro paro por estes despedimentos convocouse en setembro, para o día 30. Desde aquela sucederon algunhas cousas que merecen comentario.

Nun dos xuízos non celebrados o tribunal pediu ás partes que negociasen para darlle unha saída as denuncias que cada unha delas tiña presentado (Telefónica por folga ilegal e AST por vulneración de dereitos sindicais) o que dera lugar, tamén por decisión da Audiencia Nacional, a que se unificaran nun só proceso. A unificación do proceso foi a causa de que se suspenderan xuízos anteriores.

Como consecuencia desta iniciativa da A.N., a empresa fai unha proposta ao Comité Intercentros para solucionar o tema dos despedimentos que esixía a unanimidade de todas as forzas sindicais do C.I. e que consistía basicamente no compromiso expreso de todos os sindicatos do C.I. a non promover nin apoiar ningunha acción sindical ou mobilización reivindicativas no futuro que non fose aprobada no Comité Intercentros, o que suporía unha manifesta renuncia a reivindicar e mobilizar exercendo a soberanía e a autonomía sindical sen o aval das forzas maioritarias do Comité Intercentros. Tamén implicaba a desconvocatoria dos paros (hai que recordar que existían dúas convocatorias feitas por CGT e AST sobre os mesmos asuntos) e a desistencia das accións xudiciais.

Tendo en conta que a proposta da empresa implicaría concederlle aos seus sindicatos máis fieis a chave do sindicalismo en Telefónica, o sindicalismo maioritario do C.I. apremouse a asumir a proposta sen variar unha coma do texto e sen tentar atopar o consenso nin COS TRABALLADORES DESPEDIDOS nin coas forzas sindicais máis implicadas no conflito para conseguir UNHA PROPOSTA SINDICAL ALTERNATIVA Á DA EMPRESA. A proposta da Empresa –afortunadamente para os/as traballadores/as- non foi asumida pola totalidade dos sindicatos do C.I. Aínda así AST desconvocou os seus paros case mes e medio; mais a Empresa renunciou a reunirse para resolver os conflitos e os despedimentos. Para Telefónica a solución pasaba pola proposta do Intercentros. A partir de mediados de xaneiro volven a reiniciar a convocatoria dos paros de GMO e PNP. Nesas datas CGT, despois do acordo do Comité Central de Seguridade e Saúde no Traballo, dá por finalizado o seu de O+M.

Na Coordinadora de Burgos, que tenta agrupar un sindicalismo alternativo dentro da empresa para evitar que se fagan efectivas as políticas de Telefónica tendentes a desmantelar un modelo de empresa, acórdase

o 13 de febreiro en Zaragoza retomar a convocatoria de novos paros para conseguir exclusivamente a anulación dos expedientes de despedimentos. Estes serían de dúas horas o 9 e 30 de marzo e de 4 horas o 25 de abril. Tamén se acorda invitar o resto de sindicatos a participar neles. A CIG, que non participara das convocatorias que orixinaron os despedimentos, si asume como propias estas convocatorias de paro como xa o fixera coa convocatoria de setembro.

A razón principal de que esteamos nestas convocatorias é porque na CIG entendemos moi grave o precedente de que a empresa poida reprimir a acción sindical colectiva ou individual. Non podemos consentir que se fagan efectivos estes despedimentos quedándonos de brazos cruzados, porque de ser así o futuro para a defensa dos dereitos dos traballadores quedaría danado. Non podemos permitir que se amedrente a quen lexitimamente tenta defender os seus intereses. Aquí están en xogo os intereses de todos e todas, non só os dos compañeiros despedidos ou os dun determinado sindicato.

A CIG estamos a mobilizarnos pola anulación dos despedimentos independentemente da súa afiliación sindical. Tamén nos mobilizaríamos se os despedidos fosen de CC.OO., de UGT, ou de calquera outro sindicato. Xa o fixemos noutras ocasións, porque defendendo os despedidos defendémonos nós mesmos como conxunto.

Tanto no paro de setembro como nos convocados actualmente, así como durante todos estes meses intermedios, non todos os sindicatos entenderon como propio o problema dos despedidos e, demasiadas veces, coincidiron coas estratexias da empresa para liquidar calquera movemento reivindicativo que intentara evitar as actuacións da empresa no recorte de dereitos. Nós consideramos que estes sindicatos se equivocan completamente de inimigo. Por definición, **para os traballadores sempre é máis beneficiosa unha visión crítica das políticas da empresa e a disposición a mobilizarse polos nosos dereitos**. Isto tamén debería ser así para todos os sindicatos que din defender e representar os intereses dos traballadores.

#### ¿A QUEN BENEFICIA A PROLONGACIÓN DO CONFLITO?

Desgraciadamente o conflito xa dura demasiado, especialmente para os despedidos. Un dos argumentos que manexan algúns sindicatos que están axudándolle a empresa na súa acción represora é o de que a determinado sindicato non lle interesa que se acabe o conflito e que se prolongue ata as eleccións sindicais do ano que vén.

Desde a CIG consideramos que a quen máis lle interesa que este conflito se prolongue desde unha perspectiva electoral é aos socios da empresa, porque sería demoledor para AST presentalo como un sindicato incapaz de xestionar uns despedimentos. Curiosamente tamén sería moi útil para a empresa porque se beneficiaría de que continuase o actual status de representación sindical, co que non ten maiores problemas para consolidar as súas políticas.

O sindicalismo submiso que se autocualifica como sindicalismo responsable ten argumentado que serían eles os que resolverían o conflito dos despedimentos. Podería, pois, estar acordada unha estratexia consistente en presentarse como "salvadores dos despedidos" tras facerse efectivos os despedimentos e a posterior readmisión, froito da xestión deses sindicatos que se opoñen ás reivindicacións e ás folgas, co que aparecerían ante os/as traballadores/as como os únicos capaces de "convencer" a empresa.

Desde a CIG facemos un chamamento para que entre todos e todas evitemos que os intereses electorais primen sobre os intereses colectivos, e tamén para que fortifiquemos a defensa dos obxectivos comúns sobre a defensa dalgunhas siglas sindicais. Non debemos colaborar na anulación da capacidade reivindicativa doutros/as compañeiros/as, pois debilitamos a todo o cadro de persoal.

Chamamos a cada un dos/das traballadores/as de Telefónica a que faga unha análise detida, seria e obxectiva sobre todo este asunto para que decida, en conciencia, sobre se debe ou non debe participar nos paros convocados para que a Empresa retire os despedimentos dos 10 compañeiros, que poderíamos ser calquera de nós.

Coordinadora Nacional de CIG Telefónica  
Galicia, 23 de marzo de 2006.

